



“VI ENCONTRO DO ALUMNADO DE MÚSICA DE SECUNDARIA DE GALICIA”

Este VI ENCONTRO está destinado a todo o profesorado de Secundaria de Galicia, socio ou non de ASOMÚSICA

A finalidade do encontro é que o alumnado de ESO e Bacharelato de Galicia dea a coñecer a outros compañeiros o traballo que realiza na clase de Música, ofrecerlle mediante obradoiros especializados unha oportunidade de explorar habilidades musicais, así como fomentar a convivencia entre o alumnado e profesorado de Música dos centros galegos, e intercambiar ideas para enriquecer o ensino musical de Galicia nestes niveis.

A DATA DO ENCONTRO SERÁ O 25 DE ABRIL, ÁS 10,00 HORAS, NO AUDITORIO DE FERROL

“VI ENCONTRO DO ALUMNADO DE MÚSICA DE SECUNDARIA E BACHARELATO DE GALICIA”

BASES

1. O tema do ENCONTRO deste ano é “MÚSICAS DO MUNDO”
2. Cada centro poderá levar ata un máximo de 50 alumnos.
3. Os centros serán seleccionados por rigorosa orde de chegada da súa solicitude de inscrición, e terán preferencia aqueles presentados por socios de ASOMÚSICA, establecéndose un límite de 16 centros participantes.
4. O prazo de inscrición rematará o 31 de marzo ás 23:59h. O 3 de abril enviaremos aos centros anotados un correo coas listas de admitidos, xunto coas instrucións para participar nos Obradoiros.
5. Interpretaranse un ou dous temas por centro. Poderán ser obras vocais e/ou instrumentais que se realicen en clase.

Se hai alumnos que toquen instrumentos clásicos, de rock, etc, deberán facelo cos demais compañeiros da súa clase ou do grupo de alumnos de nivel heteroxéneo que formase o profesor para este Encontro. Se houbese algunha proposta, por parte dalgún centro, para a interpretación dunha peza exclusivamente tocada por este alumnado, deberá ser comunicado previamente á organización do ENCONTRO. O mesmo cabe dicir para outro tipo de interpretacións, como danza por exemplo.

6. Un alumno de cada centro fará de presentador do seu centro, dos temas e dos seus compañeiros. Antes do día do concerto enviaremos, por correo electrónico, un guión con todos os detalles do Encontro aos centros participantes.
7. Todos os instrumentos e atriles serán debidamente identificados polos responsables de cada centro. A Organización do Encontro intentará proporcionar algúns instrumentos, se ben pode ser que algún centro teña que aportar os seus propios; neste caso poríamonos en contacto para detallar esas necesidades concretas.
8. Despois do ENCONTRO teremos un xantar nun lugar ao aire libre previamente escollido e preparado pola Organización. O alumnado e profesorado participante deberá traer a súa propia comida.
9. Os centros interesados en participar deberán inscribirse no correo: encontroasomusica2017@gmail.com ata o día 31 de Marzo indicando:

NOME DO CENTRO PARTICIPANTE

NÚMERO DE ALUMNOS

TEMAS A INTERPRETAR E INSTRUMENTOS QUE EMPREGAN

NECESIDADES ESPECIAIS PARA A SÚA ACTUACIÓN (micrófonos, luces, se traen vídeos...)

QUEDARÍAN AO XANTAR POSTERIOR: SI ou NON

PROFESORADO RESPONSABLE

CORREO ELECTRÓNICO E TELÉFONO DE CONTACTO DO PROFESOR RESPONSABLE